

## SUSI ARNELA I

Susi lograba virar a habitual cara de fastío dos buseiros con só avanzar pola beirarrúa a carón dos autos como búfalos alasando no semáforo. Ela dominaba o seu poderío e para facer merecida ostentación, cinguía as coxas cunhas mallas ruzas, vulgares incluso, pero nada anubraba o deslumbrante tremelicar das súas pernas e a finura do van, a lixeireza do cabelo cubríndolle por veces a cara como un veo perfumado.

Se o xogo do *bote bote* remataba en conflito ela ditaba a sentenza a sabendas da súa autoridade, se no colexio se arte-llaba unha obra de teatro, interpretaba o papel principal e nos *playback* imitaba á cantante de moda anainada polos suspiros dos seus presuntos amigos que, con bo criterio, a erixiran na rapaza máis fermosa da vila. Posuía todo aquilo que os homes adoraban, o cabelo sedoso, a dentadura perfecta, as proporcións exactas, a simpatía xusta, a intelixencia, bailaba mellor que ningún. Tan moderna que os seus mellores amigos eran rapaces!, unha proba irrefutable da superioridade de Susi Arnela. Claro que a amizade era unilateral. Os chavales estaban loucamente namorados e só agora se atreven a afirmar que aquilo do amor fraternal era unha andrómene, unha ensoñación máis de Susi, allea a todo, deliciosamente cínica, do mesmo modo que non comprendía, nin nunca chegou a comprender, o contra-efecto do seu cimbrar, o contra-canto da súa sensualidade.

## O DESLUMBRADO

Unhas veces aparecía vestido de guerrilleiro co pantalón e a camiseta de camuflaxe, botas de cana alta con amallós, e outras dábaselle por pasear con fachenda pola rúa principal, traxeado de pés a cabeza sen esquecerse da gravata, o chapeu e o reloxo de peto. Unha tardiña Susi Arnela e máis eu fomos dar á súa casa pois o seu irmán máis pequeno viña connosco á escola; a nai fixéralle de merenda ao noso amigo un bocadillo de patacas frixidas en media barra de pan. Presentarnos no seu rueiro e troulear durante horas por aquelas lonxanías supuxera traspasar gravemente a fronteira establecida pola autoridade materna, mais cumpría ratificar todas e cada unha das historias arrepiantes sobre o malpocado do toliño que nós, a pesar de todo, críamos fanaticamente. Pobre de quen andara só de noite pola praia, o agocho preferido do lobishome espido á luz da lúa agardando pola incauta présa, dándose baños de auga salsa mentres berraba na terrorífica linguaxe da escuridade. Quen di a praia di as ducias de corredoiras que tanto gusto daba atravesar; as aforas da vila eran aínda máis perigosas e en definitiva, non había escapatoria, tan pronto se facía de noite non quedaba máis remedio que tornar para a casa.

Por se non fose dabondo a súa ubicua ameaza, un día a veciñanza comezou a asegurar que en resposta ás estarrecedoras oracións do insensato, aparecera en varias hortas da Atalaia de Xuvino unha caste de pavo xigante correndo endiañado, sen cabeza e con grande furia, dando zancadas da envergadura dun dinosauro. Varias persoas corroboraron a historia, mulleres maiores incluso, elevándoa á categoría de feito probado. Aquel verán cada vez que se nos daba por ir ós lugares da aparición, sen confesalo latexábanos o corazón como a paxaros e estabamos ben alerta por se de socato cumpría liscar. O único comentario, por alí apareceuse o pavo. Si... E será certo? Susi Arnela tamén o viu.

En realidade o que máis lle gustaba facer ao irmán do noso amigo era bailar, sempre que levase posto o atavío axeitado; se vestía de guerrilleiro xa todos sabiamos que non ía encetar a danza, pero como ir fose de traxe chaqueta non había pista

dabondo para el. Incluso facía piruetas deitado no chan coma os rapeiros de New York, pero sorprendentemente coa indumentaria impecable enriba, sen afeala cunha soa engurra.

O segundo pensamento fiado ao bailarín son as melodías coas que nos deleitaba o noso amigo de escola mentres executabamos o “ditado”, un texto improvisado pola mestra en voz alta para que os cativos practicáramos a escrita. Nunca esqueceri un daqueles estrañísimos relatos: co fin de ensinarnos a empregar a diérese, diferenciar a “j” da “g” así como as formas “gue” e “gui”, contou a fantástica historia duns pingüíns guapos e aguerridos que engulían con gusto ducias e ducias de “gordos guisantes gratinados”. A laboriosa encomenda facíamola en libretas de pauta ancha coas follas do tamaño dunha cuartilla, grampadas, nunca sostidas por espiral, prohibido como tiñamos arrincalas.

Outra prerrogativa consistía en que inmediatamente despois de rematar o temido exercicio, para non caer na tentación de copiarlle ao colega máis próximo algunha palabra dificultosa, cumpría colocarse en fila india dirixida cara a mesa da profesora onde era emitida a inapelable sentenza.

O irmán do deslumbrado alegraba a silenciosa e ardua penitencia co seu admirable dominio do xénero do pasodobre, cun acento e unhas reviravoltas de voz aflamencadas como se nacese no mesmísimo barrio de Triana. Pero á mestra non lle gustaba aquela inclinación e rifáballe namais comezaba o repertorio, contra o que tampouco cabía réplica; gardábamoslle tanto respecto que o día en que a tres amigos nos puxera contra unha das paredes laterais da aula, ombro con ombro, por chegarmos uns minutos tarde á clase ao non decatarnos do reclamo da serea, malia as advertencias da fatídica posibilidade de adherirse ás tripas e o conseguinte colapso mortal, enviei con resignación o chicle de fresa ácida reservado secretamente para a súa degustación no recreo.

As damas tiñan proscrito entre outros disfrutes, formular protesta coa expresiva onomatopea “bo”, rilar as unllas e, sobre todo o demais, facer uso das saborosas gomitas de mascar e da exhibición de globos sonoros decote pegados no nariz, disque por seren actividades de antiestética vulgaridade. Susana

Arnela era o exemplo enarborado pola mestra daquela exquisitez; outros menos delicados eramos expertos en pegar o chicle contra os dentes dianteiros e facendo uso dunha depurada técnica mantiñámoslos entreabertos para sorber a goma con precisión, estourando dez ou doce pequenos globos cara o interior da boca que acadaban aplaudidos estalos. Abofé que daquela preferíamos o colapso do entripado antes que vernos no paredón, diante da mestra, exhibindo o obxecto do delito. Emporiso preguntabámonos que mal lle facía a ninguén o gordiño louro por cantar tan aquelado e amenizar de balde as tarefas escolares.